

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 07/08/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTIN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 07/08/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 31-jul-2023, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA

MARIA BERMUDEZ OUTON

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/2844

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por IDDUN CONSULTING AROUSA SL para a impartición do curso de formación obrigatorio en materia de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas, dirixido ao persoal da brigada de prevención e extinción de incendios forestais, por un importe total de 1.315,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2849

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no seu artigo 5 establece as competencias dos Concellos, sinalando no apartado f) do indicado artigo que é competencia municipal “autorizar as ampliación e reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17”.

Visto o indicado no artigo 17 da lei ao respecto dos horarios:

“1. Mediante orde da persoa titular da consellaría competente na materia, e logo do informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

2. A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de

xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.”

En aplicación destes artigos pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ditouse a Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche de establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, na que se sinalan os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Visto o artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020 onde se prevé que con carácter xeral o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas a que se refire esta orde ampliarase:

- Media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Visto o artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 que establece que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Visto o artigo 13 no que se establece o réxime especial de horarios de peche de determinados establecementos abertos ao público, e así indica:

1. Os concellos que teñan obtido a declaración de zona de grande afluencia turística para os efectos de horarios comerciais, de acordo coa vixente normativa de comercio interior de Galicia, nos termos e cos límites temporais establecidos na correspondente declaración, poderán autorizar, logo da petición das persoas titulares das actividades de restauración, ocio e entretemento, horarios especiais, que supoñan unha ampliación dos horarios xerais de peche, para os devanditos establecementos.

Nestes supostos, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Outorgar a ampliación de 2 horas sobre o horario de peche a todos os establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas abertos ao público, durante os días 11, 12, 14, 15, 18 e 19 de agosto de 2023

Esta ampliación de dúas horas, se suma á media hora a que fai referencia o artigo 7 da orde de 23 de outubro de 2020, polo que, serán en total dúas horas e media, as noites dos días indicados anteriormente.

Os Locais que teñan xa autorizada a ampliación de horario de peche en 1 hora, durante os citados días ampliarán o seu horario de peche en 1 hora máis.

Indicar que, se a Policía Local informa sobre incumprimentos en materia de horarios, ruídos, etc. se suspenderá a ampliación de horario para o establecemento denunciado.

PRP2023/2850

Dáse conta do escrito presentado por D. Antonio Barreiro Correa e/n Asociación Cultural O

Castro, solicitando autorización para celebración de concertos na zona do Castro nas datas 15 e 16 de agosto de 2023, solicitando así mesmo a instalación dun palco por parte do Concello.

A Xunta de Goberno, acorda autorizar a celebración de concertos dende ás 22:00 do 15 de agosto ás 04:00 do 16 de agosto e as 12:30 a 16:00 horas do 16 de agosto.

A instalación do palco por parte do Concello non é posible, xa que non existe dispoñibilidade polas múltiples festas que está previstas para eses días, en caso de instalar palco pola súa conta deberán contar coa documentación requirida pola lei 10/2017 de Espectáculos Públicos e actividades recreativas de Galicia e demais normativas aplicables.

Ademais sinalar, que os organizadores de actividades na vía pública deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º Deberá obedecélo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.

2º A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

3º Considerase que a actividade deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€

4º Ademais durante o desenrolo da actividade o solicitante se responsabilizará da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

5º Deberá terse en conta que a instalación non deberá impedir o uso de mobiliario urbano nin o paso de peóns.

PRP2023/2851

Visto o escrito presentado por Don Rafael Barreiro Moroño E/N ASOCIACION CULTURAL VARIETES, solicitando autorización para instalación da Duendeneta, na rúa Méndez Núñez con motivo da festa da auga 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a instalación da Duendeneta, na rúa Méndez Núñez, dende as 22:00 horas do día 15 de agosto ata as 4:00 horas do 16 de agosto, e as 12:00 a 16:00 horas do día 16 de agosto.

Deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Deberá obedecer o disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

- Considérase que a actividade deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€.

- Ademais durante o desenrolo da actividade o solicitante se responsabilizará da limpeza do espazo público que ocupe e, unha vez remate, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ao inicio da actividade.

- Deberá terse en conta que a instalación non deberá impedir o uso de mobiliario urbano nin o paso de peóns.

PRP2023/2852

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para organizar todos os sábados do mes de agosto concertos na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en arzobispo Gelmírez nº36.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a celebración dos concertos en horario de 20:30 a 23:00 horas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2023/2853

Dáse conta do escrito presentado pola empresa concesionaria do servizo de limpeza Urbaser, S.A.U., comunicando o inicio de folga indefinida a partir do mércores 9 de agosto do 2023, do persoal da citada empresa adscrito aos servizos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias en Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/2842

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa CONTROL E INSPECCIÓN REGLAMENTARIA S.L (CEIRE SL) a realización das revisións técnicas da montaxe das atraccións de feira instaladas durante as Festas de San Roque 2023 que se montarán o 10 e 11 de agosto, por un importe total de 7.623,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799:

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2843

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PIXELING SL para a elaboración do Plan de Autoprotección da Festa da Auga 2023, por un importe total de 4.767,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2871

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a contratación de ambulancias pra cobertura de Operativo Especial Festa da Auga 2023 o día 16 de agosto de 2023 en horario de 11:00 a 14:00 horas e Combate Naval o 19 de agosto de 2023 en horario de 22:00 a 01:00 horas, á empresa Funeraria y Ambulancias Compostela, S.L.. por importe de 880,00€ con cago á partida 135-22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2878

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Transportes Tesalomy, S.L. para o servizo de depósitos GRG Boca estreita para a súa colocación en diversos puntos da cidade para celebrar a festa da auga 2023, por un importe total de 907,50€, con cargo á partida 1530-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2879

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Xoga Organización de Xordos de Galicia para o servizo de dobre en lingua de signos do Pregón das Festas de San Roque 2023, por un importe total de 150,00 €, con cargo á partida 338.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2023/2762

Visto o informe do departamento de Promoción económica, A Xunta de Goberno Local acorda:

- APROBAR A CONVOCATORIA DAS BASES DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO FORME 2022, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego.
- Acordar a publicación das bases a través da BDNS, remitindo a información á mesma no prazo máximo de 30 días seguintes ao remate do trimestre no que se acorde aprobación, tal como establece a normativa reguladora da BDNS.
- Acordar a publicación na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

O financiamento das axudas será con cargo á aplicación 2412-470 do orzamento municipal de 2022 prorrogado a 2023, cunha dotación de 30.000 €

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/2695

Dáse conta do seguinte informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación á liquidación de prezos públicos da VI Edición do Festival Internacional de música ClasClas 2023: Logo de celebrada a VI edición do Festival Internacional de Música clasclás, que tivo lugar entre o 26 de xuño e o 1 de xullo de 2023, compre proceder a dar conta a XGL da proposta de liquidación que ten remitido Ataquilla referida ao concerto de pago do Festival que tivo lugar o día 28 de xuño no Pazo da Golpelleira.

O importe previsto ingresar por prezos públicos foi aprobado na sesión da XGL de 03/04/2023 PRP2023/1176 e ascendendo a 5.750,00 €, sendo o importe exacto que ten recadado Ataquilla pola venda das 250 entradas previstas.

Por elo, Ataquilla ten comunicado que a semana do 24 de xullo de 2023 ingresará o importe correspondente á liquidación de 5.750,00 € na conta bancaria que o Concello de Vilagarcía de Arousa ten na entidade ABANCA co seguinte IBAN ES59 2080 3122 1031 10000076.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

MERCADOS

PRP2023/2855

Dáse conta do informe de D. José Ramón Rodríguez Posse, xefe de mercados accidental, comunicando unha incidencia no mercadillo extraordinario o 24 de xullo de 2023, en relación á colocación dun posto por parte dun vendedor autorizado do mercado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/2795

Dáse conta da chegada o día 26/07/2023 dunha comunicación de Augas de Galicia no que nos achega o informe correspondente á auditoría realizada no funcionamento da EDAR e no que se indican os seguintes aspectos:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas.
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento rendemento insuficiente
- Recomendacións:
 - Recoméndase reparar e por en servizo a bomba de areas núm. 1, e executar a instalación da condución de impulsión da bomba núm. 3 a emisario
 - Recoméndase non descoidar os labores de mantemento do equipo de desinfección ultravioleta (incremento de limpeza manuais, maior axilidade na substitución das lámpadas fundidas, etc.), xa que se continúan observando rendementos de desinfección baixos. Tamén se recomenda resolver o problema de funcionamento de pantalla táctil do equipo UV posto que se observaron nas últimas visitas técnicas problemas de bloqueo desta que impiden acceder, por momentos, aos parámetros de funcionamento do equipo.
 - Recórdase que segundo o DECRETO 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia a competencia da xestión e mantemento da rede de

saneamento, dos permisos de vertedura, do control de verteduras á rede de saneamento e a responsabilidade de garantir o seu cumprimento é competencia da entidade local xestora do sistema, neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa. Polo tanto é responsabilidade do concello localizar e reparar os puntos de infiltracións de augas brancas e mariñas na rede de saneamento, esixir aos/ás usuarias/os non domésticos que dispoñan de permiso de vertedura e verificar o seu cumprimento, así como dispor dun censo das/os usuarias/os con permiso de vertedura e remitir a Augas de Galicia a información relativa aos permisos de vertedura indicados.

Indicar que dentro dos traballos desta asistencia técnica se realizaron varias visitas de inspección á rede de saneamento para coñecer os puntos nos que se están a producir estas infiltracións, e o 05/01/2022 esta asistencia técnica entregou un informe de inspección da rede de saneamento de Vilagarcía de Arousa identificando os puntos onde se producen infiltracións de auga mariña, e as medidas correctoras recomendadas para atallalas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO

PRP2023/2848

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Turismo:

O Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro das súas competencias ten a da Promoción Turística que, neste caso, lógrase a través da realización de eventos que difundan os atractivos de Vilagarcía, dun xeito especial os vinculados co mundo da gastronomía. En particular, a divulgación do valor da Ameixa de Carril. A actividade a subvencionar é a celebración da Festa da Ameixa de Carril, os días 19 e 20 de agosto de 2023.

A subvención figura nominativamente no orzamento do ano 2022 e prorrogado para o 2023, polo que se considera adxudicada dende o mesmo momento da aprobación ou da prórroga do orzamento, por importe de 5.000 € e con cargo á partida 432.48002.

OBXECTO DA PROPOSTA:

Esta concellería xa fixera proposta á Xunta de Goberno Local para a aprobación do convenio correspondente coa Cofradía de Pescadores "Santiago Apóstol" de Carril, con N.I.F. G-36012813, para a celebración da Festa da Ameixa de Carril 2023.

Logo do recente cambio na persoa que ostenta o título de Patrón Maior da Cofradía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o novo convenio figurando no mesmo o actual patrón maior da Cofradía de Pescadores de Carril, D. Javier Quintáns Berridi.

PRP2023/2847

Dáse conta da proposta da Concellería de Turismo para aprobar a renovación do rexistro da marca "Festa da Auga":

O Concello de Vilagarcía ten, dende xa hai anos, rexistrada a marca FESTA DA AUGA en 3

epígrafes.

Ese rexistro ten unha vixencia ata o 8 de setembro polo que procede, antes desa data, a renovación.

Con esa finalidade, esta concellería púsoxe en contacto coa empresa GALLAECIA PATENTES & MARCAS, S.L., que sinala que os 3 clases nos que está rexistrada a marca poden resultar insuficientes e considera convinte ampliar esa protección ata 5.

Esta concellería comparte o criterio exposto pola empresa. O rexistro nesas 5 clases se realizará tramitando un novo rexistro e non renovando o agora vixente.

Polo que, a Xunta de Goberno Local acorda tramitar o novo rexistro da marca "Festa da Auga, aprobando orzamento presentado pola empresa GALLAECIA PATENTES & MARCAS, S.L., por importe de 1.633,50€, con cargo á partida 432-22799.

As 5 clases nas que se realizará o rexistro son:

CLASE: 16	Papel, cartón; cajas de cartón o papel; Artículos de papelería; Agendas; Álbumes; Almanagues y calendarios; Fotografías; Catálogos; Folletos; Publicaciones impresas; Libros; Guías turísticas; Mantelería de papel; Servilletas de papel; Baberos de papel; Planos; Mapas geográficos; Representaciones gráficas; Tarjetas de felicitación, de invitación y de visita; Tarjetas postales; Posavasos de papel
CLASE: 25	Merchandising: Prendas de vestir, calzado, artículos de sombrerería; sudaderas; bandanas (pañuelos para el cuello); corbatas; camisetas; gorras; sombreros; gorros de baño; pañuelos de bolsillo (prendas de vestir); pañuelos para el cuello; cinturones (vestimenta)
CLASE:3 5	Publicidad y servicios de promoción; Publicidad en el ámbito de los viajes y del turismo; Servicios de marketing promocional; Promoción de viajes (publicidad); Difusión de anuncios publicitarios; Distribución de material publicitario (folletos, prospectos, impresos, muestras); Servicios de organización de ferias, exposiciones y eventos con fines publicitarios; Campañas publicitarias de divulgación cultural
CLASE: 41	Celebración y organización de eventos recreativos y con fines culturales; Servicios de entretenimiento; Organización de eventos culturales y artísticos; Organización y realización de eventos deportivos; Servicios de organización de concursos y premios; Publicaciones electrónicas (no descargables); Servicios de organización de concursos; Servicios de organización de exposiciones con fines culturales y educativos; Servicios de edición discos, videos, películas (Films)
CLASE: 43	Servicios de restauración (alimentación); hospedaje temporal; Eventos gastronómicos; Facilitación de zonas de descanso para pasajeros

CULTURA

PRP2023/2711

Dáse conta da existencia dun erro no Acordo de Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2023, de aprobación do gasto na contratación polo Concello de actuación dunha coral para a celebración da festividade do Sacramento en Sobradelo.

ONDE DI:

-Asociación Cultural Coral Polifónica de Sobradelo, o día 6 de agosto por un importe de 335,00€
DEBERÁ FIGURAR:

-Asociación Cultural Coral Polifónica de Sobradelo, o día 6 de agosto por un importe de 391,00€
Polo exposto:

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

PRP2023/2715

Vista a solicitude de CD FINCAS VILAGARCIA S.L. e a proposta da Concellería de Cultura,

acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 28 de agosto de 2023, en horario de 18:00 a 21:00 horas para a celebración dunha reunión da comunidade de propietarios Ribainsa, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias do Auditorio: 3 horas a 15,25 €/hora = 45,75€.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/2838

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a celebración das Festas de San Roque 2023 cun importe total de 326.933,55€ (estimativo), así como unha provisión de fondos a favor de Dona Luz M^a Abalo Pérez por un importe de 117.411,29€, coa seguinte desagregación:

NOME ENTIDADE	C.I.F.	CONCEPTO	DATA	B.I.	I.V.E.	TOTAL	PR OG	ECC A	FORMA PA GO/PROVIS IÓN FONDOS	OBSERVACIÓNS
LA LIEBRE DINAMIZACIÓN CULTURAL S.L.	B27509579	CONCERTO DON PATRICIO	11/08/2023	25.000,00 €	5.250,00 €	0.250,00 €	338	22609	NO PRAZO DE 10 DÍAS A PRESENTACIÓN DA FACTURA	EXPT. DE CONTRATACIÓN CT 51/2023 TRAMITADO PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD-ADXUDICADO
ESPECTACULOS CANTARUXA S.L.	B70377924	CONCERTO HIA DE LA LUNA	12/08/2023	14.980,00 €	3.145,80 €	8.125,80 €	338	22609	SEGUNDO O ESTIPULADO NO CONTRATO : "100% del caché tras realizar la actuación mediante factua FACE transferencia bancaria a la cuenta IBAN ES82-2080-0303-0028-0106, en un plazo de 15 días desde la presentación da la factura"	VINCULADO CONVENIO COLABORACIÓN DIPUTACIÓN PONTEVEDRA (TURISMO)-ADXUDICADO

PLAY PLAN CULTURAL S.L.U.	B94168705	CONCERTO RAYDEN	14/08/2023	20.000,00 €	4.200,00 €	4.200,00 €	2	338	22609	100% do caché nun prazo máximo de 10 días e tras a presentación da factura correspondente a través do sistema FACE e sempre tras a realización do concerto ABANCA: ES35-2080-5000-6030-4036-1172	TRAMITADO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDADE- ADXUDICADO
DOS MAS DOS ESPESCTÁCULOS Y MANAGEMENT S.L.	B47788427	ALUGUER CARROZAS	20/08/2023	14.960,00 €	3.141,60 €	8.101,60 €	1	338	304	NO PRAZO DE 10 DÍAS A PRESENTACIÓN DA FACTURA (PUNTO 2º CONTRATO)	
LOS COLEGUITAS DE VENEZUELA S.L.	B09984477	ORQUESTRA LOS COLEGUITAS	12/08/2023	7.500,00 €	1.575,00 €	9.075,00 €		338	22609	PRAZO DE 15 DÍAS A PRESENTACIÓN DA FACTURA	
LOGEVENT S.L.	B94152444	ORQUESTRA CLAXXON	18/08/2023	5.500,00 €	1.155,00 €	6.655,00 €		338	22609	PRAZO DE 15 DÍAS A PRESENTACIÓN DA FACTURA	
AMESARTE S.L.	B13897392	ORQUESTRA METROPOLIS	19/08/2023	9.000,00 €	1.890,00 €	0.890,00 €	1	338	22609	PRAZO DE 15 DÍAS A PRESENTACIÓN DA FACTURA	
MAPFRE	A2822599	POLIZA ACCIDENTES PARTICIPANTES DESIFILE CARROZAS	20/08/2023			113,89 €		338	224	UNHA VEZ PRESENTADA DA FACTURA	
TOTAL PROVISION FONDOS XUSTIFICAR A						117.411,29 €					
ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL CODA	G94097508	ESPECTÁCULO "TARZÁN O MUSICAL	13/08/2023	6.400,00 €	EXENTO	6.400,00 €		338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
CONTRAPRODUCCIÓN S.L.	B70217336	CONCERTO LONTREIRA	14/08/2023	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €		338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
ASOCIACIÓN CULTURAL XAIBA	G94182797	ACTUACIÓN XAIBA	15/08/2023	500,00 €	EXENTO	500,00 €		338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
TEATRO DO ADRO S.L.	B15627359	ACTUACIÓN FACTORÍA DE SUBSISTENCIA	15/08/2023	2.200,00 €	462,00 €	2.662,00 €		338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	

ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE CÁMARA DE AROUSA	G06846760	CONCERTO II SERÁN SINFÓNICO	16/08/2023	1.500,00 €	EXENTO	1.500,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN MUSICAL ORFEÓN DE VOCES GRAVES DE AROUSA	G94183076	ACTUACIÓN NOITES DE FESTA	18/08/2023	900,00 €	EXENTO	900,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL CANTEAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMO A	G94093598	ACTUACIÓN NOITES DE FESTA	18/08/2023	300,00 €	EXENTO	300,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DO CARRIL	G94006004	PASACALLES POLA MAÑAN	12/08/2023	268,00 €	EXENTO	268,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA	G94150414	PASACALLES POLA TARDE	12/08/2023	350,00 €	EXENTO	350,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS	G36136679	PASACALLES POLA MAÑAN	13/08/2023	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS	G36043933	PASACALLES POLA TARDE	13/08/2023	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
GRUPO DE GAITAS DO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO STA. PLÁCIDA	G3614502	PASACALLES POLA TARDE	14/08/2023	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA	G36436947	PASACALLES SAN ROQUIÑO O PEQUEÑO	15/08/2023	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN	G36114502	PASACALLES POLA MAÑAN	15/08/2023	315,00 €	EXENTO	315,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMO A	G94093598	PASACALLES POLA TARDE	15/08/2023	300,00 €	EXENTO	300,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL BRISAS DO RIO ULLA	G36543940	PASACALLES POLA MAÑAN	17/08/2023	300,00 €	EXENTO	300,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL OS XIRIFEIROS	G36439792	PASACALLES POLA TARDE	17/08/2023	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
ASOCIACIÓN CULTURAL MAR DE AROUSA	G36499127	PASACALLES POLA TARDE	18/08/2023	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE
GRUPO FOLCLORICO MOCEDADE DA TORRE 83	G36185817	PASACALLES POLA MAÑAN	19/08/2023	391,00 €	EXENTO	391,00 €	338	22609	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE

ASOCIACIÓN CULTURAL A NOSA SRA. DE A XUNQUEIRA	G36160430	PASACALLES POLA TARDE	19/08/2023	00 €	268,00 €	EXENTO	268,00 €	33 8	226 09	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TRASNOS DE GUILLÁN	G94118130	PASACALLES POLA MAÑÁN	20/08/2023	00 €	250,00 €	EXENTO	250,00 €	33 8	226 09	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS	G36136679	DESFILE CARROZAS	20/08/2023	00 €	391,00 €	EXENTO	391,00 €	33 8	226 09	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
CCRO PARROQUIAL STA.EULALIA	G36197721	CORO MISA SAN ROQUIÑO	15/08/2023	00 €	225,00 €	EXENTO	225,00 €	33 8	226 09	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
CCRO PARROQUIAL STA.EULALIA	G36197721	CORO MISA SAN ROQUE	16/08/2023	00 €	335,00 €	EXENTO	335,00 €	33 8	226 09	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
WAKE UP PRODUCCIONES S.L.	B94158987	PRODUCCIÓN ARTÍSTICA, PLAN AUTOPROTECCIÓN, VIXIANZA	11,12,13,14,15,16,17	0 €	11.680,00 €	2.452,80 €	4.132,80 €	1 33 8	227 99	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
GLOBAL SETUP S.L.	B94119104	PRODUCCIÓN TÉCNICA	DE 11-08 a 16-08-2023	0 €	14.900,00 €	3.129,00 €	8.029,00 €	1 33 8	227 99	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
A.C. TREIXADURA GAITEIROS	G36393635	PRODUCCIÓN TÉCNICA CONCERTO TREIXADURA	17/08/2023	0 €	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €	33 8	226 09	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
OCIO SPORT AROUSA S.L.	B94152154	ALUGUER MÓDULOS BAÑOS	11 A 21 DE AGOSTO	0 €	3.800,00 €	798,00 €	4.598,00 €	33 8	203	SEGÚN NORMATIVA VIXENTE	
ESCENA EVENTOS S.L.	B32472250	CUBERTA ESCENARIO A XUNQUEIRA	10 A 18 DE AGOSTO	0 €	14.200,00 €	2.982,00 €	7.182,00 €	1 33 8	203	NO PRAZO DE 30 DÍAS PREVIA PRESENTACIÓN FACTURA	
PIROTECNIA PENIDE S.L.	B15209430	BOMBAS PARA FESTAS + FOGOS DE ARTIFICIO COMBATE NAVAL"	19 DE AGOSTO	1 €	36.989,00 €	7.767,69 €	4.756,70 €	4 33 8	226 99		EXPTE. DE CONTRATACIÓN CT 31/2023 (ADXUDICADO)
CULTURATIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F15983067	FESTACLOW M Edición 2023		0 €	35.800,00 €	7.518,00 €	3.318,00 €	4 33 4	226 02		EXPTE. DE CONTRATACIÓN CT 48/2023-e PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDADE-ADXUDICADO
ASOCIACIÓN PÉSDEBARRO	G94048204	FOLK NO ALOBRE 2023	27 DE AGOSTO	0 €	11.338,00 €	EXENTO	1.338,00 €	1 33 8	226 09	SEGUNDO NORMATIVA VIXENTE	
DOLORES REGUERA FREIRE	35310825Y	CONFETTI CARROZAS	20/08/2023	00 €	561,00 €	117,81 €	678,81 €	33 8	226 99	SEGUNDO NORMATIVA VIXENTE	
GRÁFICAS ANDURIÑA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	F36019289	IMPRESIÓN (PROGRAMAS)		0 €	2.200,00 €	462,00 €	2.662,00 €	33 8	226 02	SEGUNDO NORMATIVA VIXENTE	

ROSA BEMPOSTA DIZ (PANADERIA)	Mª 35482652	EMPANADAS E VIÑO PARA ROMARIA SAN ROQUIÑO PEQUEÑO	15/08/2023	545,45€ 123,91€	54,55€ 26,09€	750,00 €	33 221 8 99	SEGUNDO NORMATIVA VIXENTE	
CLECE	A803642 43	SERVIZO EXTRAORDINARIO DE LIMPEZA-BAÑOS	12 a 21	1.493,36 €	313,61 €	1.806,97 €	33 227 8 00	SEGUNDO NORMATIVA VIXENTE	
BAYGAR S.L.	B- 12019659	MONTAXE E DESMONTAXE TORRE PREGÓN FESTA DA AUGA	16/08/2023	2.586,90 €	543,25 €	3.130,15 €	33 203 8	SEGUNDO NORMATIVA VIXENTE	
MGS SEGUROS Y REASEGUROS		PÓLIZA RC FESTAS E ATRACCIÓNS				3.088,83 €	33 224 8	URXENTE	ADXUDICADO
PRENSA (cuñas, radio)						0.000,00 €	33 226 8 02		
SGAE						4.500,00 €	33 226 8 99		
AUTORIDADE PORTUARIA		TASAS				5.000,00 €	33 225 8		
OUTROS GASTOS (outros departamentos)						500,00 €	33 226 8 99		
TOTAL GASTO FESTAS						326.933,55 €			

PRP2023/2869

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno de 10-07-2023, aprobación de gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Faxilde.

